



CALENDARIO 1º BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA 2024/2025

Sem	L	M	Me	X	V	S	D
-----	---	---	----	---	---	---	---

PRESENTACIÓN - DATAS DE AVALIACIÓN-

	2	3	4	5	6	7	8
01	9	10	11	12	13	14	15
02	16	17	18	19	20	21	22
03	23	24	25	26	27	28	29

Set.

Días			
SETEMBRO			
Presentación do curso	11		
Inicio curso Bacharelato	12		

04	30	1	2	3	4	5	6
05	7	8	9	10	11	12	13
06	14	15	16	17	18	19	20
07	21	22	23	24	25	26	27
08	28	29	30	31			

Out.

OUTUBRO			
Día do ensino	31		

08					1	2	3
09	4	5	6	7	8	9	10
10	11	12	13	14	15	16	17
11	18	19	20	21	22	23	24
12	25	26	27	28	29	30	

Nov.

NOVEMBRO			
Exames 1º aval. 1º Bach.	25 e 27	Notas 9 dec	Revisión 10 dec

12							1
13	2	3	4	5	6	7	8
14	9	10	11	12	13	14	15
15	16	17	18	19	20	21	22
16	23	24	25	26	27	28	29
17	30	31					

Dec.

DECEMBRO			

17			1	2	3	4	5
18	6	7	8	9	10	11	12
19	13	14	15	16	17	18	19
20	20	21	22	23	24	25	26
21	27	28	29	30	31		

Xan.

XANEIRO			

21						1	2
22	3	4	5	6	7	8	9
23	10	11	12	13	14	15	16
24	17	18	19	20	21	22	23
25	24	25	26	27	28		

Feb.

FEBREIRO			
Exames 2º aval. 1º Bach.	17 e 19	Notas 27	Revisión 28

25						1	2
26	3	4	5	6	7	8	9
27	10	11	12	13	14	15	16
28	17	18	19	20	21	22	23
29	24	25	26	27	28	29	30

Mar.

MARZO			

30	31	1	2	3	4	5	6
31	7	8	9	10	11	12	13
32	14	15	16	17	18	19	20
33	21	22	23	24	25	26	27
34	28	29	30				

Abril

ABRIL			
Exames 3º aval. 1º Bach.	28 e 30	Notas 15	Revisión 16
Exames Pendentes Ord. 1º Bach.	28 e 30	Notas 13	Reclamacións 14/15

34				1	2	3	4
35	5	6	7	8	9	10	11
36	12	13	14	15	16	17	18
37	19	20	21	22	23	24	25
38	26	27	28	29	30	31	

Maio

MAIO			
Exames Finais Ord. 1º Bach.	26 e 28	Notas 4 xuño	Reclamacións 5/6

38							1
39	2	3	4	5	6	7	8
40	9	10	11	12	13	14	15
41	16	17	18	19	20	21	22
42	23	24	25	26	27	28	29
43	30						

Xuño


XUÑO			
Exames Pendentes Extra. 1º Bach.*	3 e 5	Notas 10	Reclamacións 11/12
Exames Finais Extra. 1º Bach.	16 e 18	Notas 23	Reclamacións 24/25

\* Atención! Os exames pendentes Extra. 1º Bach. coinciden nas mesmas datas que os Finais Extra. 2º Bach.

## Novidades AULA VIRTUAL:

Entrando no enlace <https://distancia.iessanclemente.net/> accédese á nova plataforma de ensino de adultos a distancia co noso usuario e contrasinal.

O alumnado fai a matrícula na ESA ou no Bacharelato a distancia vía web, na páxina <https://matricula.iessanclemente.net>, achegando a continuación o impreso de matrícula e a documentación necesaria por correo postal á atención do persoal da oficina co asunto *Matrícula Bacharelato* para a súa formalización (IES San Clemente, rúa San Clemente s/n, CP 15705, Santiago de Compostela). **A matrícula non se considera formalizada ata a recepción do impreso e a documentación.**



O alumnado pode ler ás instrucións sobre o proceso de matrícula online na web do centro en [novas](#).

O alumnado matriculado nestas ensinanzas recibirá na súa conta de correo, o usuario e contrasinal para acceder á [Aula Virtual do IES San Clemente](#).

Dende o enderezo <https://alumnado.iessanclemente.net> o alumnado matriculado nas nosas ensinanzas poderá ter acceso ás aulas virtuais das materias ou ámbitos da súa matrícula cando se rexistre na plataforma.

plataforma.


O alumnado poderá comprobar que a súa matrícula está correcta entrando desde a barra vertical negra da esquerda na sección “Matrícula / Notas”(véase na imaxe arriba).

Tamén poderá consultar aquí as súas cualificacións despois de cada avaliación.

Sempre que o alumnado detecte algún erro na súa matrícula deberá poñerse en contacto coa oficina do centro canto antes para solucionar o problema.

Neste mesmo enderezo o alumnado poderá **solicitar videotitorías** co profesorado das materias que desexe (Solicitud de Videotutoría).

Nas propias aulas virtuais de cada materia ou ámbito o alumnado tamén pode consultar moita información de interese como se pode ver a continuación:



- No menú principal accédese a área de comunicación co *Taboleiro de anuncios* coa información actualizada dos asuntos de interese en cada momento e a *solicitud de videotitoría*. En solicitude de videotitorías o alumnado poderá reservar día e hora para unha titoría virtual por videoconferencia para resolver dúbidas sobre a materia. O alumnado poderá comprobar a dispoñibilidade do profesor consultando o seu horario.
- En información xeral o alumnado poderá consultar o horario do profesor/a, accede tamén a *Titoría do bacharelato* e a documentos de interese que o profesor/a da aula vaia colgando.
- O alumnado poderá consultar o Calendario do curso coas datas dos exames, avaliacións, revisións, etc de todo o curso e dispoñerá de información actualizada de calquera tema de interese sobre os seus estudos por parte da Xefatura de Estudos a través da aula denominada [Titoría do Bacharelato](#) no taboleiro de anuncios ou poderá recibir ou enviar correos á xefa de estudos Raquel Rodríguez Blanco.



- O alumnado poderá comunicarse a través do correo web de cada aula co profesorado. Se o desexa poderá chamar por teléfono ao departamento didáctico no horario presencial do profesor/a.
- Nas primeiras semanas o alumnado poderá ver o vídeo de presentación da materia do profesor/a e poderá acceder aos documentos importantes da materia (programación, contidos, criterios de cualificación, modelos de exames, etc).
- A materia de cada aula está organizada por quincenas. Hai catro quincenas en cada Avaliación. Son un total de 12 quincenas. O material didáctico váise publicando secuenciadamente.
- Na AULA VIRTUAL (AV) podedes encontrar: materiais, vídeos didácticos, contidos mínimos, criterios de avaliación, resumos da materia e esquemas, propostas de exames e exames resoltos, etc. TODOS OS MATERIAIS necesarios para a aprendizaxe das materias estarán dispostos na AULA VIRTUAL. As datas de exames ou calquera información de interese está tamén na páxina web. É moi importante entrar nela (POLO MENOS 3 VECES Á SEMANA), coñecela ben, e aproveitala.

## TITORÍAS

Cada materia está a cargo dun DOCENTE, que atende CATRO TIPOS DE TITORÍAS: TITORÍAS TELEMÁTICAS, TELEFÓNICAS, por CORREO ELECTRÓNICO e PRESENCIAIS.

Todo o PROFESORADO TITOR dedica unha ou máis horas diarias de atención ao alumnado. Na AULA VIRTUAL, en cada materia, tedes acceso ao horario semanal da súa titoría.

### TITORÍAS TELEMÁTICAS (por videochamada)

O xeito mais RÁPIDO e EFECTIVO e solicitar unha TITORÍA entrando no enderezo <https://alumnado.iessanclemente.net>, e seleccionando a data e a hora na que contactar co profesor ou profesora. É preciso dispoñer de un portátil ou ordenador con cámara web.

Por cada titoría solicitada teremos unha entrada nova con información sobre a mesma. Na data e hora acordada soamente será necesario pulsar na ligazón “Titoría web” para acceder á videochamada co profesor ou profesora da materia.

### TITORÍAS por CORREO ELECTRÓNICO e TELEFÓNICAS

Nas horas de TITORÍA TELEMÁTICA (nas de TITORÍA WEB **non**) é posible chamar aos números de teléfono directos de cada materia que están recollidos na táboa de titorías presenciais, ou ao número xeral do Instituto, o 881867501. Advírtese que cando entra unha chamada e está a ser atendida pola conserxería, non se pode atender outra simultánea xa que o terminal está ocupado. A persoa que chama non escoita sinal de comunicando, polo que debe agardar e repetir a chamada.

Todo o alumnado matriculado ten tamén unha conta de correo electrónico propia dentro da plataforma, onde recibirán informacións, noticias ou avisos. Desde este correo, poden enviarlle mensaxes ao profesorado de Santiago (e tamén ao resto do alumnado) e terán a oportuna resposta por este mesmo medio. O PROFESORADO TITOR do IES “San Clemente” ocuparase de atender os correos que remitades e contestalos en menos de 24 horas (en moitos casos incluso sábados e domingos).



## TITORÍAS PRESENCIAIS

As TITORÍAS PRESENCIAIS teñen como obxectivo consultarlle ao profesorado as dúbidas que non poden ser resoltas por outro medio. Dada a natureza destas ensinanzas, **estas titorías terán carácter EXCEPCIONAL e deberán ser ACORDADAS PREVIAMENTE co profesorado.**

### PROFESORADO TITOR DE CADA MATERIA

MATERIA	PROFESORADO TITOR	TELÉFONO
Lingua castelá	M <sup>a</sup> Asunción Arufe Carredano	881867521
Lingua galega	Mercedes Rivas Vicente	881867521
Filosofía	Xesús Fernández Sulleiro	881867524
Bioloxía, xeoloxía e CC. AA	Cristina Iglesias Padrón	881867522
Cultura científica	Cristina Iglesias Padrón	881867522
Economía /Economía, emprendemento e activ. empresarial	Antonio Pérez Fernández	881867524
Educación Física	Esteban Fernández Neira	
Literatura universal	Ana Alberte Lista	881867521
Lingua estranxeira Inglés	Alicia Sánchez Martínez	881867523
Lingua estranxeira Francés	M <sup>a</sup> Dolores Gómez Seoane	881867523
Lingua estranxeira Portugués	Carlos Manuel Callón Torres	881867521
Matemáticas Aplicadas	Antón Labraña Barrero	881867522
Mat. Xerais / Matemáticas	Paula Fernández Otero	881867522
Historia do Mundo Contemporáneo	Fernando Lojo Piñeiro	881867520
Latín / Grego	Amalia Seoane Labandeira	881867524
Física e química	Juan Carlos Fandiño da Torre	881867522
Debuxo artístico	Ángeles Rivera Muñoz	881867524
Debuxo técnico / Cultura audiovisual	Stela Iglesias García	881867524
Debuxo técnico aplicado	Ana María Carballo Balboa	881867524
Relixión	M <sup>a</sup> Teresa Abalde González	881867523
Tecnoloxía e Enxeñaría	Adrián Pérez Sánchez	881867522
T.I.C.		881867501

## EXAMES

Durante o curso haberá tres avaliacións parciais e unha avaliación final de xuño, na que se manterán as cualificacións daquelas avaliacións superadas. O alumnado deberá examinarse só das avaliacións non superadas ou non presentadas (seguindo os criterios de cualificación de cada departamento). **A avaliación extraordinaria para o alumnado de 2º Bacharelato con materias de 1º (pendentes) terá lugar en xuño**, os días 3 e 5 nas mesmas datas que os exames de 2º. O alumnado avisará ao profesorado do San Clemente cando coincidan exames de 1º e de 2º no mesmo horario para poder ampliarlle o tempo dos exames se fora preciso.

Para o **alumnado só con materias de 1º ou alumnado de 2º con materias de 1º que escolle non presentarse ás ABAU (opción Non ABAU)** os exames terán lugar o 16 e 18 de xuño. Nestas convocatorias o alumnado que non teña superada a materia na convocatoria ordinaria de finais de maio terá a oportunidade de presentarse a un exame xeral de toda a materia.

Os exames celébranse nas mesmas datas e horas no IES San Clemente de Santiago, nos centros EPA de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol e Vigo, e no IES Monte Castelo de Burela. Estes serán controlados polo profesorado do IES San Clemente. Os estudos a distancia do IES San Clemente tamén son cursados polos internos de tres centros penais da nosa Comunidade Autónoma, nos que as titorías e as correspondentes probas son tuteladas polo seu propio persoal.

Os exames levaranse a cabo nas datas que figuran no calendario. As datas son fixas e inamovibles. O horario das distintas materias será sempre o mesmo, un luns e un mércores coa excepción das datas sinaladas arriba (i.e. **Exames Pendentes Extra. 1º Bach. 3 e 5 de xuño**, que terán lugar en martes e xoves conxuntamente cos exames de 2º pero mantendo o mesmo horario dos exames de 1º de todo o curso).

### **PROTOCOLO A RESPECTAR NOS EXAMES**

- O alumnado deberá presentarse ao exame provisto de DNI, NIE, pasaporte ou carné de conducir, e sen gafas de sol, gorros, ou calquera outro elemento que dificulte a súa identificación.
- O alumnado poderá introducir na aula unha mochila, bolso, carteira ou bolsa de deporte, con todas as súas pertenzas, ás cales non poderá acceder mentras estea realizando o exame.
- Durante a realización do exame o alumnado **non poderá acceder á aula con teléfono móbil, reloxo ou calquera outro dispositivo electrónico activados. Tampouco poderá utilizar ningún dispositivo de comunicación non autorizado.**
- O alumnado, unha vez disposto no seu asento e realizada a comprobación **de que non leva dispositivos non autorizados, deberá manter despexados os pavillóns auditivos durante as probas.**
- O profesorado facilitará a realización de exames cando o alumno ou alumna teña dous ou máis á mesma hora, permitindo a realización dos mesmos na hora posterior ou anterior á que figura no horario e no tempo de descanso entre exames, sempre dentro da franxa horaria correspondente á realización de exames.
- Os exames deberán realizarse a bolígrafo azul o negro, salvo indicación expresa.
- Os exames non se poderán facer integramente en letras maiúsculas.
- No caso dos exames tipo “test”, cando exista a opción de facelos en galego ou castelán, o alumnado responderá soamente nunha das linguas.
- O alumnado deberá permanecer dentro da aula ata pasados como mínimo vinte minutos desde que se repartiron os exames. Dentro dese tempo, permitirase a entrada de novo alumnado ao exame.



- **No caso de que na realización do exame o profesorado detectara a alguén copiando ou non respectando estas instrucións, o alumno ou alumna poderá ser obxecto das seguintes medidas disciplinarias: expulsión da aula, cualificación do exame con 0 puntos e posible anulación das probas xa realizadas.**
- No momento no que un alumno ou alumna remate o seu exame, deberá entregalo e firmar na folla de sinaturas para que quede constancia de que se presentou ao exame. Nese intre presentará a súa documentación para proceder a identificalo.
- Cando o exame entregado conste de dúas ou máis follas, os datos do alumno e do exame deberán figurar en todas as follas. Estas follas gramparanse nese mesmo intre diante do alumno ou alumna.

*HORARIOS DOS EXAMES*

	<b>LUNS</b>	<b>MÉRCORES</b>
<b>9,30</b> <b>a</b> <b>10,45</b>	Lingua castelá e literatura I	Lingua estranxeira – Inglés / Portugués
<b>11,00</b> <b>a</b> <b>12,15</b>	Lingua galega e literatura I	Matemáticas I Matemáticas xerais Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I Latín I
<b>12,30</b> <b>a</b> <b>13,45</b>	Bioloxía, xeoloxía e CC.AA. Literatura universal Cultura científica	Física e química Historia do mundo contemporáneo Debuxo artístico I
<b>16,00</b> <b>a</b> <b>17,15</b>	Filosofía	2ª Lingua estranxeira – Francés / Portugués Debuxo técnico I Debuxo Técnico aplicado I Grego I
<b>17,30</b> <b>a</b> <b>18,45</b>	Economía Economía, emprendemento e activ. Empresarial Cultura audiovisual Relixión	Educación Física Tecnoloxía e enxeñaría I T.I.C. I



## CUALIFICACIONES

Normalmente aos comezos da semana seguinte aos exames celébrase a reunión de avaliación (nos días sinalados no calendario). As cualificacións colocaranse na aula virtual (en NOTAS) ese mesmo día antes das 15:00 ou ben das 20,00 horas, segundo a avaliación sexa pola mañá ou pola tarde, de xeito que calquera alumno poida coñecer e imprimir as súas notas.

De seguido á publicación das cualificacións, o profesorado titor terá (previo aviso, cando o alumno ou a alumna non estea de acordo coa cualificación) unha data dedicada á REVISIÓN DOS EXAMES nas avaliacións parciais e dúas datas na avaliación final para as RECLAMACIONES.

Cando un alumno ou alumna desexe obter un boletín de notas oficial, pode pasar a solicitalo e recollelo no IES San Clemente ou ben deixar un sobre co enderezo xa escrito que lle será remitido por correo.

## DÚBIDAS E INFORMACIÓN

O alumnado deberá entrar nas AVs con asiduidade e estar atento á información recibida no correo das mesmas. O correo da plataforma e a nosa páxina web serán os canles de comunicación para achegar calquera información de interese para o alumnado.

Igualmente calquera información relevante correspondente á ensinanza de bacharelato publicárase na páxina web do centro e no noso canal de Telegram ([telegram.me/bachsanclemente](https://t.me/bachsanclemente)).

Ante calquera dúbida XERAL (matrícula, queixa, suxestión, etc.) debes contactar co **COORDINADOR DO BACHARELATO, Carlos Doval Davite**, ou coa **XEFA de ESTUDOS, Raquel Rodríguez Blanco**. Cando o problema estea relacionado de forma directa cunha materia, debes dirixirvos ao **PROFESORADO TITOR** responsable da mesma.